

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor do 0,80 IPREM	0%
Maior do 0,80 do IPREM e menor ou igual a 1 do IPREM	10 %
Maior do 1 do IPREM e menor ou igual a 1,25 do IPREM	15%
Maior do 1,25 do IPREM e menor ou igual a 1,50 do IPREM	20%
Maior do 1,50 do IPREM e menor ou igual a 1,75 do IPREM	30%
Maior do 1,75 do IPREM e menor ou igual a 2 do IPREM	40%
Maior do 2 do IPREM e menor ou igual a 2,25 do IPREM	50 %
Maior de 2,25 e menor ou igual a 2,50 do IPREM	60 %
Maior de 2,5 do IPREM	70 %

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.
3. En calquera caso establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

#### **Artigo 5º.- CUSTO DO SERVIZO**

O prezo/hora do servizo de axuda no fogar establécese en **12,32€/hora** . Este prezo será revisable anualmente segundo o IPC.

#### **Artigo 6º.- OBRIGA DE PAGAMENTO DO PREZO PÚBLICO:**

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza, as persoas usuarias beneficiarias do servizo prestado por este concello.

A obriga de pagar os prezos públicos regulados neste acordo regulador, nace en xeral dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante a primeira quincena do mes seguinte.
2. Por parte do Concello e sobre a base do parte de traballo asinado conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaboraráse un recibo individual co importe correspondente ó servizo prestado no mes anterior que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria para que se efectúe o pagamento.
3. Liquidaranse as horas efectivamente prestadas .
4. As débedas derivadas da falta de pagamento do prezo público serán esixidos de conformidade co disposto na lexislación tributaria, polo procedemento administrativo de constrinximento .

#### **DISPOSICIÓN DEROGATORIA:**

Esta ordenanza deroga expresamente a ordenanza fiscal aprobada no pleno do 11 de maio de 2009 e publicada no BOP nº 161 de Lugo de data 15 de xullo de 2009, así como as modificacións puntuais posteriores.

#### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA:**

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente e publicada no Boletín Oficial da provincia de Lugo e transcurrido o prazo previsto no art. 70.2 e concordantes da Lei 7/85 que regula as Bases de Réxime Local e en todo caso o 01/01/2014

Lourenzá , 18 de outubro de 2013.- A alcaldesa, Emma Alvarez Chao

R. 4240

LUGO

*Anuncio*

#### **FORMALIZACION DE CONTRATO**

En cumprimento do disposto no artigo 156 do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público faise público:

**1.- Entidade adxudicadora.****a) Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.**b) Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.**2.- Obxecto do contrato.****a) Tipo de contrato:** Obra**b) Descrición do obxecto:** Contratación das obras de rehabilitación do antigo cárcere do partido xudicial de Lugo. Centro social e cultural antigo cárcere- fase 2 actuación incluída no proxecto urban (iniciativa urbana) co 80% de cofinanciación da Unión Europea a traveso do fondo europeo de desenvolvemento rexional (PO FEDER GALICIA 2007-2013)**3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.****a) Tramitación:** ordinaria**b) Procedemento:** aberto**4.- Tipo de licitación:****a) Orzamento máximo do contrato:**

O valor estimado do contrato ascende a 1.839.569,81 € polo que sumando o IVE de 21% ( 386.309.66 euros) resulta un presuposto total de 2.225.879,47 euros, IVE INCLUIDO.

**5.- Adxudicación:****a) Data:** 14-08-2013**b) Contratista:** CONSTRUCTORA SAN JOSE S.A.**c) Nacionalidade:** Española**d) Orzamento máximo do contrato:** ascende a 1.133.175 € polo que sumando o IVE de 21% ( 237.966,75 euros) resulta un presuposto total de 1.371.141,75 euros, IVE INCLUIDO.**6.- Data de Formalización, 30-08-2013.**

Lugo, 18 de outubro de 2013.- O ALCALDE, P.D. TENENTE-ALCALDE DA AREA ( Decreto Alcaldía nún 64/2007) Sonia Méndez García

R. 4241

---

*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 9 de outubro de 2013, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para **CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ENSINANZA DEPORTIVA E SERVICIOS COMPLEMENTARIOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DAS PEDREIRAS, E INSTALACIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL DO POLVORIN (LOTE 1) ASÍ COMO ACTIVIDADES DE ENSINANZA DEPORTIVA E OUTRAS COMPLEMENTARIAS NAS ESCOLAS E PROGRAMAS DEPORTIVOS MUNICIPAIS NAS INSTALACIONES DE FRIGSA E OUTRAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS (LOTE 2). EXERCIZO 2013**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

**1.- Entidade adxudicadora.****a) Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.**b) Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.**2.- Obxecto do contrato.****a) Descrición do obxecto:**

É obxecto deste contrato a realización por unha banda da prestación dun servizo de actividades de ensinanza deportiva e servizos complementarios nas instalacións municipais deportivas de As Pedreiras e na instalación deportiva de O Polvorín, e por outra banda, a prestación dun servizo de actividade de ensinanza deportiva e outras complementarias nas escolas e programas deportivos municipais nas instalacións de FRIGSA e noutras instalacións deportivas municipais, todo elo segundo os pregos de prescricións técnicas elaborados polo coordinador de deportes do Concello de Lugo.

Este contrato consta de **2 LOTES** podendo os licitadores presentar oferta a un lote, ou á totalidade do lotes xa que aínda que son susceptibles de contratarse nun mesmo procedemento admite unha adxudicación separada para cada unha das instalacións e segundo o seguinte detalle:**LOTE 1.- ACTIVIDADES DE ENSINANZA DEPORTIVA E SERVICIOS COMPLEMENTARIOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DAS PEDREIRAS, E INSTALACIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL DO POLVORIN**